

Castro do Coto da Ferreira



Asentamento fortificado con dous parapetos moi esmorecidos e pouco visibles debido a vexetación e a súa destrución polas labores agropecuarias. Un correspondería co borde da croa e o último sería o máis contundente e afastado desta uns 40 m. Entre eles hai unha pendente moi homoxénea que podería conter outro tipo de defensa. De croa moi reducida e que puido nalgún momento ser transformada noutro tipo de recinto ou pequena fortaleza . As fotos no Mapa de Pendentes Lidar 2010 e do voo americano do 1956, parecen indicar que as barreiras defensivas eran moito máis altas e rexas pola banda oeste e noroeste, debido a que este sector e o máis desprotexido por estar case ao mesmo nivel que as terras limítrofes. Pola banda este ten pendentes acusadas e unha visión sobres os vales que dan cara a conca do río Rois, os Montes do Oleirón e o castro de Agrafoxo. Na actualidade rodean o cume do recinto unha zona de plantación de piñeiros e eucaliptos con moita maleza. Unha invasión de acacias intransitable medra no recinto plano da coroa duns 40

metros de diámetro. Nun dos únicos sitios con pouca vexetación distínguese cachotería moi fina e un alombamento que correspondería co segundo parapeto. Atópase o asentamento cerca dun antigo camiño de boa anchura e que podería ser noutros tempos unha importante vía de comunicación cara a Lousame e Noia, pasando por Toxosoutos.

INFORMACIÓN	
TIPOLOXÍA	Arqueoloxía
CRONOLOXÍA	Idade de Ferro
CONCELLO	Rois
PARROQUIA	Urdilde (Santa María)
REFERENCIAS	http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/mapes/ROIS/documents/0349PB004.jpg (esquina esquerda do Plano)


XEOLOCALIZACIÓN	
COORDENADAS	42.81877368515106 - -8.74762773513794

Anexo

Fotografías ou vídeos do elemento



FONDO SOCIAL EUROPEO
INICIATIVA DE EMPREGO XUVENIL
O FSE inviste no teu futuro



* Información obtida da páxina web patrimoniogalego.net. Xeolocalización a partir da información de mapas.xunta.gal.